

LARRY JORDAN, ANIMADOR E COLAXISTA

CGAI (A Coruña) Sábado 2 novembro 2002



The Visible Compendium

TODO PODE SUCEDER: O MUNDO ONÍRICO DE LARRY JORDAN

Lawrence Jordan é un dos grandes cineastas de Animación, con maiúscula e sen apelido (sen Experimental). Porque nunca as fronteiras entre cinema convencional e cinema experimental estiveron tan esvaídas como no campo da animación. Por definición: porque animar significa dar vida ao que non a ten, e daquela cando animamos afastámonos dos presupostos realistas e das convencións narrativas, mesmo nas animacións mais industriais. Toda animación, entón, ten un transfondo surrealista e experimental.

Ese transfondo vólvese vocación no cinema de Larry Jordan, cineasta californiano co-fundador da cooperativa Canyon Cinema, con dúcias de películas de animación de recortes (e algunhas de acción real) no seu haber, curtas e longas, en branco e negro e a cor.

O seu cinema é surrealista en canto onírico e resultado dunha escritura automática (o cineasta non segue un guión previo, senón que improvisa a medida que a película se constrúe). As súas etéreas narracións subxacen ás barrocas imaxes. Estas non teñen como función ilustrar o relato (coa excepción de *The Rime of the Ancient Mariner*),

senón que é este o que surxe delas. Pero a vaguidade e o misterio dos gravados, ou mais ben das conexións entre eles, permite que cada espectadora ou espectador cree a súa propia narración, nun excelente exemplo de cinema interactivo: como se de manchas de tinta dos tests de Rorschach se tratase, os significados sempre fican abertos, o surrealismo alíase co simbolismo, a atmosfera domina a intriga.

Jordan reconece a súa débeda co surrealismo mais non se sente identificado con el porque, como reconece o propio autor, as súas películas carecen de intencionalidade revolucionaria ou agresividade cara ao espectador. Na obra de Jordan non toparemos o ollo seccionado de *Un chien andalou* (película admirada por el), senón poéticas e visualmente asequíbeis fábulas que lembran os contos infantís. Ese aspecto intemporal e fádico ven subliñado pola utilización de gravados decimonónicos (de Gustave Doré para *The Rime...*) que Jordan tira de Max Ernst e que resultan moi “fotoxénicos”, en palabras do director, porque carecen de grises: puro branco e negro. Esta reutilización de gravados e imaxes alleos, cos que crea 24 colaxes por segundo, converten a Jordan en colaxista ao tempo que animador, inseríndoo na tradición do cinema de apropiación de Joseph Cornell e Bruce Conner, cos que compartiu amizade desde os inicios das súas andanzas cinematográficas en plena efervescencia do movemento Beat.

Visions of a City, rodada en 1957 e montada en 1978, tinxida de existencialismo, é un bo exemplo do seu cinema de acción real. Constitúe un retrato do poeta Michael McClure e da cidade de San Francisco ao mesmo tempo. A montaxe rítmica e os xogos de reflexos producen unha obra “lirica e mística”.

O misticismo reaparece en *Our Lady of the Sphere*, película en cor na que se mesturan imaxes barrocas con símbolos do avance tecnolóxico da humanidade.

Moonligh Sonata retoma a música de Eric Satie que Jordan xa utilizara en 1965 en *Gymnopédies*. Neste caso adapta a simboloxía da lúa á *Gnossienne V*, creando unha música visual afin á dos vellos mestres Oskar Fischinger, Len Lye ou Harry Smith.

Masquerade é a primeira película na que o autor pinta a mao os recortes que vai animar. Jordan recrea o mundo dos contos infantís utilizando figuras como Arlequín. A cor adquire un valor narrativo.

The Visible Compendium, como indica o título, é un catálogo de posíbeis experiencias, visuais e sonoras, continuas e fragmentadas, aceleradas e ralentizadas.

The Rime of the Ancient Mariner adapta ao surrealismo o poema de S.T. Coleridge, no que un vello mariño ten que sufrir a maldición de ter matado un albatros. Para esta, a mais narrativa e convencional das súas obras, contou coa narración de Orson Welles e cos gravados de Gustave Doré, e nela reaparecen elementos e criaturas de películas anteriores do autor.